



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 416/1102

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, tal e como se pode comprobar, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

Na execución das ditas políticas públicas, o Concello de Vigo dá un paso máis coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30 de novembro de 2015, na *“Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana”* da *Federación Española de Municipios y Provincias*, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015.

No marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar una maior transparencia na xestión, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos. Nesa liña e considerando que unha das áreas máis sensibles da integridade na xestión pública é a de facilitar o acceso á información aos membros da Corporación para garantir o seu coñecemento da xestión municipal, e facilitar, deste xeito, o seu labor de fiscalización e control da acción de goberno, estableceuse un sistema de acceso electrónico inmediato e libre a todos os expedientes aprobados pola Xunta de Goberno Local para todos os membros da Corporación.

Con data 6 de marzo de 2018 ditouse polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolución de incoación de expediente administrativo para a aprobación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” (nº de expediente 289/1102), no marco das obrigas legalmente establecidas e do Código de Bo Goberno vixente, resolución na que se procedía á designación como instrutora do mencionado expediente á secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña.

Dentro do ámbito de desenvolvemento do nomeado Plan, tendo presentes os principios xerais recollidos na Lei 19/2013 de actualización periódica, comprensibilidade e acceso sinxelo á información obxecto de publicidade activa, e coa intención de simplificar e sistematizar o subministro da información que se publica no Portal de Transparencia, adoptáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2018 os seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobar o “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal”, no marco das obrigas legalmente establecidas e do Código de Bo Goberno, conformado polas seguintes medidas de desenvolvemento do dito Plan, sen prexuízo doutras que se poidan aprobar no mesmo ámbito:*





Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 416/1102

1. *Elaboración da Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo, de carácter anual*
2. *Elaboración das fichas de indicadores de transparencia como instrumento para garantir a actualización e a subministración da información destinada á Publicación no Portal de Transparencia.*
3. *Establecer unha periodicidade mensual para a elaboración e a correspondente publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo das estatísticas relativas ao uso do Portal.*
4. *Establecer unha periodicidade trimestral para a elaboración e a correspondente publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo das estatísticas relativas ás solicitudes de acceso á información pública.*

Segundo.- *Delegar no concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, o desenvolvemento e execución do Plan, quedando facultado para a adopción de cantas medidas executivas e de desenvolvemento resulten precisas, dando conta das mesmas á Xunta de Goberno Local con carácter anual.*

Terceiro.- *Encomendar á Secretaría de Goberno Local a coordinación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” que contará, para os ditos efectos, coa colaboración de todas as áreas e servizos municipais cara a garantir a correcta execución das medidas aprobadas na contorna do desenvolvemento do Plan.*

Cuarto.- *Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede Electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.*

Unha das medidas que se integran no antedito plan é a elaboración de fichas de indicadores de transparencia, articuladas por ámbitos materiais de xestión, como instrumento para garantir a actualización e a subministración da información destinada á Publicación no Portal de Transparencia, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e seguindo as recomendacións dos órganos de control. Mediante estas fichas técnicas de uso interno individualízase de forma precisa que información se debe subministrar, quen é o responsable desta tarefa, a periodicidade coa que debe presentarse e os límites de confidencialidade aos que estea suxeita no seu caso.

Dentro das fichas técnicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 12 de xullo de 2018, inclúese unha específica para o indicador “Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación” (indicador 33), como práctica de mellora nos estándares de calidade da información obxecto de publicación no Portal de Transparencia e en execución das políticas municipais de goberno aberto e como elemento de reforzo da integridade institucional seguindo o Código de Bo Goberno Local suscrito polo Concello de Vigo, mediante acordo plenario de data 30 de novembro de 2015.

Á vista do exposto fórmulase a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/09/2018 09:19

Páxina 2 de 3

Expediente 416/1102

CSV: 2AEH5B-2D3F44-4E2B58-JB16AX-R1X5H1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 416/1102

PROPOSTA:

Primeiro.- Establecer como boa práctica municipal de transparencia e bo goberno, a publicación activa das Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación, no Portal de Transparencia.

Segundo.- Aprobar a remisión á *Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana* da FEMP, da iniciativa no marco das políticas públicas de transparencia e integridade na xestión municipal, para a súa incorporación ao Banco de Boas prácticas.

Terceiro.- Dar traslado da presente ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e á Secretaría do Goberno Local e ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia.

Conforme a precedente proposta, en execución das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e posteriores modificacións, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016, e posteriores modificacións,

RESOLVO:

Prestar conformidade coa mesma, e ordenar a execución nos seus termos.

CCA/xs.

Data da sinatura dixital,

O CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN.

Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

